



COSTA DA POBRA DO CARAMIÑAL

Adela Leiro, Mon Daporta
agosto 2018



Distancia: 12 km (lineal, en coche) + camiñadas

Dificultade: baixa



- 1-Praia da Corna
- 2-Punta da Corna e As Touzas
- 3-Praia da Illa ou da Laxe
- 4-Ínsua da Rúa
- 5-Punta da Ínsua
- 6-Praia da Lombiña (Cabío)
- 7-Punta e praia da Barca
- 8-Punta de Cabío
- 9-Punta Golfiña
- 10-Praias Agronovo, Niñeiriños...
- 11-Punta e praia Ladiña
- 12- Esteiro río Morto
- 13- Praia do Areal
- 14- A POBRA DO CARAMIÑAL
- 15- Pta. Saleira
- 16- Pta. S Lázaro.
Esteiro do río Pedras
- 17-Pta Gaivoteira
e praia Raposiños
- 18-Punta da Mercé
- 19-Praia de Fonte da Ría
- 20-Praia de Pozo do Frade
- 21-Praia da Ribeiriña
- 22-O Freixo. Praia da Poza
e punta Toxal
- 23-Praia do Campo
- 24-Praia do Conchido

A costa da Pobra do Caramiñal atópase na banda norte da Ría de Arousa, con orientación ao sur e ao abrigo da serra do Barbanza; é unha costa que alterna amplos areais con pequenas e acolledoras praias e tramos rochosos de pouca altura onde a variedade das rochas da lugar tamén a unha grande variedade de formas de erosión. Un percorrido para gozar de fermosas paisaxes, espazos de enorme interese natural (dunas, pequenos cantís e rochedos) e, se o tempo o permite, refrescarse cun baño nalgunha das praias de máis sona da ría.

PERCORRIDO

Na estrada de A Pobra a Ribeira collemos un desvío, en Madarróns que vai á **praia da Corna** (o río do Esteirón marca a linde co concello de Ribira) que aínda conserva en bo estado o seu sistema dunar e a flora asociada. A praia remata na **punta da Corna** un cantil desgastado que se prolonga polas **Touzas da Corna**; podemos seguir camiñando un pouco pola costa e por un carreiro chegamos á **praia da Laxe (Illa)**, que se acolle entre ela e a **punta da Ínsua** e ao abrigo da **ínsua da Rúa**. Tamén podemos volver de nova a estrada e desviarnos nos seguintes cruces que van á Laxe e de alí seguir o máis proximo ao mar para ir ás dúas praias de máis sona, e as dotadas con máis servizos, da Pobra, a da **Lombiña** e a da **Barca** máis coñecidas como as **praias de Cabío**. Despois delas e por un camiño acondicionado que beirea o camping, imos gañando altura para achegarnos á **punta de Cabío**, miradoiro sobre a ría e a illa da Arousa, ao que tamén podemos acceder desde a estrada por unha pista. Desde alí podemos seguir un pouco máis pola beira do mar baixando ás praias de **Fonte da Pedra**, **Agronovo** (nudista) e **Niñeirños** ou **Ladiña**, de pouco interese, que case come o mar cando sube, ata chegar á **punta dos Castriños**. Desde este punto ata a **punta do Convento** é complicado seguir pola beira porque é unha zona de cantil de pouco interese e que ten os valos na beira da auga o que fai case imposible seguir a non ser coa marea moi baixa.

A seguinte parada é na **Pobra do Caramiñal** onde se atopa a desembocadura do **río Morto**, e un un paseo acondicionado que pola **frecha do Areal** nos leva ao centro da localidade. Despois de visitar A Pobra seguimos pola estrada que vai a Boiro. Os primeiros achegamentos ao mar podemos facelos se nos desviamos á **punta Saleira** e logo á **praia de San Lázaro**, pero hai que volver á estrada para pasar os **ríos Pedras e Lérez**. Pasada a ponte do río Lérez collemos cara á **praia de Raposiños** á que baixamos polo camiño que beirea a fábrica de conservas e desde aquí podemos dar un paseo pola beira do mar (con marea baixa) pasando á **praia dos Cons**, logo a **punta da Mercé**, as **praias da Fonte da Ría** e do **Pozo do Fraile**, outra punta rochosa, a **praia da Ribeiriña**, o **peirao do Freixo**, a **punta do Toxal** detrás da que se atopa a **praia da Poza**, aquí unha instalación industrial abandonada obríganos a subir á estrada no Conchido, pasamos logo a **praia do Campo** e a **praia do Conchido** -onde desemboca o rego que marca o linde entre os concellos de A Pobra e Boiro. Neste tramo podemos acceder por estradas en varios puntos: A Lomba, A Mercés, O Freixo A Ribeiriña e O Conchido.



2-Punta da Corna e As Touzas



1-Praia da Corna



Cantis no remate da praia da Corna



3-Praia da Laxe ou da Illa



4-Ínsua da Rúa.



5-Punta da Ínsua e praia da Lombiña (Cabío)



Praia da Lombiña (Cabío) desde a Punta da Barca



7- Praia e punta da Barca (Cabío)



8-Punta de Cabío, miradoiro sobre a ría e a illa da Arousa



9-Punta Golfiña




10-Praia de Agronovo



11-Punta e praia Ladiña ou Niñeirños



12-13 Desembocadura do rio Morto, e frecha do Areal



A Pobra do Caramiñal



A Pobra do Caramiñal desde o miradoiro da Curotiña




Unha pequena praia no remate da área portuaria da Pobra do Caramiñal



15-Pta. Saleira e praia de San Lázaro



17-Punta Gaivoteira e praia Raposoños



16-Punta. San Lázaro e Esteiro do río Pedras



Praia dos Cons (A Lomba)



18-Punta da Mercé e illote do Touro

Illote do Touro





19-Praia de Fonte da Ría



20-Praia do Pozo do Frade



Sobreiras na praia do Pozo do Frade



21-Praia da Ribeiriña



22-O Freixo. Praia da Poza



23-Praia do Campo



24-Praia do Conchido